

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente.Sección Desenv.Territ.,Coop.e Medio Ambiente

Subvencións a entidades sen fins de lucro para proxectos no eido do medio ambiente

Acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial da Coruña, do 1 de xuño de 2018, en virtude da delegación ao seu favor por parte da Presidencia, aprobada por RP n.º 16.643/2015, do 30 de xullo, polo que se aproban as bases específicas do “Programa de subvencións para o cofinanciamento de proxectos de actividades no ámbito do medio ambiente durante o exercicio 2018”, cuxo texto se transcribe en galego e en castelán:

“Vistos os informes do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro, sobre a proposta de aprobación das Bases específicas do “Programa de subvencións para o cofinanciamento de proxectos de actividades no ámbito do medio ambiente durante o exercicio 2018”, a Xunta de Goberno acorda o seguinte:

1.º.–Aprobar as bases específicas do “Programa de subvencións para o cofinanciamento de proxectos de actividades no ámbito do medio ambiente durante o exercicio 2018”, cuxo texto se transcribe:

PROGRAMA DE AXUDAS PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE ACTIVIDADES NO ÁMBITO DO MEDIO AMBIENTE DURANTE O ANO 2018

BASES ESPECÍFICAS QUE COMPLEMENTAN AS BASES REGULADORAS XERAIS DAS CONVOCATORIAS DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACION, PUBLICADAS NO BOP NÚM. 204, DO 26.10.2017 (http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2017/10/26/2017_0000009052.pdf)

Datos do programa

Denominación:	Programa de subvencións para o cofinanciamento de proxectos de actividades no ámbito do medio ambiente durante o exercicio 2018
Referencia:	DP0031/2018
Aplicación orzamentaria:	0520/17221/481
Importe total do crédito consignado:	150.000,00 €
Importe máximo da subvención a conceder:	15.000,00 €
Importe mínimo da subvención a conceder:	3.000,00 €
Coefficiente de financiamento:	Entre o 20 e o 80% do orzamento de gastos

Base 3.–Obxecto

3.1. Actividades financiadas.

As presentes bases teñen por obxecto regular a concesión de subvencións por parte da Deputación da Coruña, en réxime de concorrência competitiva, para financiar proxectos de actividades que se desenvolvan na Provincia da Coruña no ámbito do medio ambiente (campañas de sensibilización, estudos, programas educativos, itinerarios pedagóxicos, promoción, difusión e/ou defensa dos valores ambientais, actividades de voluntariado ambiental, de protección de animais, etc.) que se realicen no ano 2018 por parte de entidades privadas sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia ou teñan entre os seus obxectivos estatutarios a defensa do medio ambiente.

Os proxectos que desenvolvan ditas entidades deberán contemplar no seu deseño e execución as prioridades definidas nas leis de protección ambiental, principalmente a Lei galega 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e a Lei estatal 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio natural e a biodiversidade.

Entre as finalidades obxecto do presente programa de axudas, as entidades solicitantes poderán optar por algunha das seguintes liñas:

VOLUNTARIADO AMBIENTAL.—En relación coas actividades de voluntariado, farase referencia á Lei 10/2011, do 28 de novembro, de Acción voluntaria, que ten por obxecto regular e fomentar a actividade do voluntariado social no ámbito propio da Comunidade Autónoma galega, e nos proxectos deberá terse en conta o previsto nos seguintes apartados.

Consideraranse actividades de voluntariado aquelas que contemplen accións directas sobre a contorna física, desenvolvidas por voluntarios e voluntarias ambientais de maneira libre, altruísta e coordinadas polas entidades beneficiarias co obxecto de mellorar e protexer aquela contorna, enmarcadas nalgún dos seguintes ámbitos de actuación:

a) Medio natural: conservación de ecosistemas (ríos, bosques, covas, cumes, litoral, zonas húmidas, así como outros hábitats); mantemento e recuperación da paisaxe; colaboración en tarefas de investigación de especies de flora e fauna e uso público do medio natural. Non serán obxecto de subvención os proxectos de eliminación de especies invasoras, a non ser que constitúan accións que especificamente se contemplen como susceptibles de realizarse mediante voluntariado nun plan de control aprobado polos organismos competentes.

b) Espazos naturais protexidos: ademais dos sinalados no apartado anterior, colaboración en mantemento de recursos (carreiros, equipamentos, ...).

c) Medio ambiente urbano: mellora da calidade ambiental da cidade, accións en espazos verdes urbanos e periurbanos, fomento da sustentabilidade urbana (mobilidade, residuos, enerxía, consumo, así como calquera outro ámbito de intervención), colaboración en tarefas de investigación para o coñecemento da flora e fauna de pobos e cidades.

d) Conservación de variedades e especies vexetais autóctonas.

e) Colaboración en tarefas de investigación e conservación de especies de flora e fauna protexidas e ameazadas, e dos seus hábitats.

DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL.—Polo que respecta ás actividades de difusión e sensibilización ambiental, financiaranse tamén accións de promoción do coñecemento do medio ambiente da Provincia da Coruña, sensibilización sobre cambio climático, boas prácticas ambientais, uso da auga e da enerxía, consumo responsable, programas educativos, itinerarios pedagóxicos, valoración e posta en valor da proximidade de espazos verdes, dirixidos á poboación en xeral e á escolar en particular, así como as actividades destinadas a fomentar e sensibilizar ás empresas no seu compromiso coa protección do medio ambiente: fomento do uso de enerxías limpas, divulgación de indicadores de sustentabilidade, xestión de residuos, eficiencia enerxética, aforro de emisións de efecto invernadoiro, etc.

OUTROS PROXECTOS.—Terán cabida nesta liña a programación de actuacións relacionadas co cambio climático, sustentabilidade enerxética, desenvolvemento de políticas e estratexias ambientais, posta en valor de recursos naturais ou aquelas que en xeral promovan a participación social no compromiso por un medio ambiente digno e adecuado.

3.2. Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables os seguintes:

CONTA	DESCRIPCIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PLAN XERAL DE CONTABILIDADE (*)
600	Bens destinados á actividade (material escolar e para obradoiros -funxible-)
625	Primas de seguros (para os participantes nas actividades)
627	Publicidade e propaganda (material e servizos de difusión das actividades)
654	Desprazamentos (dos voluntarios e demais participantes nas actividades)

(*) Resolución de 26 de marzo de 2013, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se aproba o Plan de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos.

Base 5.-Solicitantes

Requisitos específicos do programa

1. Respecto do ámbito subxectivo, poderán acollerse a estas axudas as entidades sen ánimo de lucro de carácter ambiental, creadas cunha antigüidade mínima de dous anos anteriores á data de finalización do prazo de solicitude, que figuren inscritas no rexistro administrativo creado polo Decreto 226/2007, do 22 de novembro, polo que se creou o Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia ou aquelas entidades que teñan entre os seus obxectivos estatutarios a defensa do medio ambiente.

2. Así mesmo, ademais dos previstos nas bases reguladoras xerais (BOP 204, de 26.10.2017) e na Lei Xeral de Subvencións, é requisito esixible ás entidades solicitantes, que deberá estar cumprido antes da data de finalización do prazo de solicitude, ter domicilio social ou oficina permanente na Provincia da Coruña.

3. Non poderán participar nesta convocatoria as entidades que sexan beneficiarias de subvencións nominativas no 2018 ou que vaian recibir neste exercicio orzamentario calquera outro tipo de achega desta Deputación.

Base 7.-Solicitudes

7.1. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes (de xeito telemático) determinarase no anuncio de publicación do extracto da convocatoria deste programa no BOP da Coruña, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

7.2. Documentación.

As entidades solicitantes que concorran á convocatoria de subvencións deberán presentar a documentación que se indica nas bases xerais (BOP 204, de 26.10.2017) e a seguinte:

1. Formulario de solicitude segundo o modelo normalizado (Anexo I) facilitado a través da plataforma SUBTEL, accesible desde a web da Deputación "<https://sede.dacoruna.gal/>".
2. Acreditar o requisito previsto no punto 5.1 anterior.
3. PROXECTO da actividade, que deberá incluír os seguintes apartados:
 - a) Identificación e formulación precisas do proxecto, con obxectivos claros e adaptados á realidade provincial, indicando o número e características dos beneficiarios.
 - b) Localización da actividade programada, dentro da Provincia da Coruña.
 - c) Cronograma de actividades, que terá que encadrarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.
 - d) Identificación pormenorizada, no seu caso, das fontes de financiamento complementarias á solicitada á Deputación da Coruña.
 - e) Memoria económica do proxecto, que deberá adaptarse aos conceptos de gasto contidos no apartado 2 da base 3 sinalado anteriormente.

Base 8.-Resolución

8.1. Valoración das solicitudes.

Criterios de baremación do programa

CRITERIO		PTOS.	
RELATIVOS Á ENTIDADE	Sede central (8) ou oficina permanente (4) na Provincia da Coruña	8	
	Anos de experiencia no sector: 2-4 anos: 4; 5-8: 6; 9 ou máis: 8	8	
	Capacidade de xestión na Provincia da Coruña no 2017: 1-2 empregados: 3; 3-4: 4; 5 o máis: 5	5	
	Masa salarial dos empregados na Provincia da Coruña no 2017: ata 7.500 €: 3; de 7.501-15.000 €: 4; máis de 15.000: 5	5	
	Número de socios residentes na Provincia da Coruña (na data de presentación da solicitude): 25-30: 2; 31-40: 4; 41-50: 6; 51 ou máis: 8	8	
	Personal voluntario residente na Provincia da Coruña (na data de presentación da solicitude): ata 15: 3; de 16-25: 4; de 26-40: 5; máis de 40: 6	6	
RELATIVOS AO PROXECTO	Viabilidade e pertinencia do proxecto (*)	Grao de coñecemento do medio	5
		Diagnóstico e plan de acción	5
		Intervención social	5
		Calidade e condicións nas que se desenvolvan as actividades	10
		Que favoreza a información, formación e participación cidadá	10
		Enfoque de xénero na redacción do proxecto	5
	Beneficiarios/voluntarios residentes na Provincia da Coruña: ata 50: 4; entre 51-100: 6; entre 101-200: 8; máis de 200: 10		10
	Financiación propia: ata o 10% : 6; entre o 10,01-30%: 8; máis do 30%: 10		10
	Emprego da lingua galega na redacción do proxecto		3

(*) Os aspectos relativos á viabilidade e pertinencia do proxecto serán obxecto de valoración por unha comisión técnica designada por resolución da presidencia da Deputación da Coruña.

O importe da subvención estará comprendido entre os límites establecidos na convocatoria (de 3.000 € a 15.000 €), priorizando as solicitudes con maior puntuación, entre as que obteñan un mínimo de 30 puntos no apartado relativo á valoración do proxecto e 50 en total por ambos os dous conceptos.

O importe concreto virá determinado polos puntos obtidos, que se corresponderán cunha porcentaxe sobre o importe solicitado, nunha escala que vai desde un mínimo de 50 puntos, ao que lle correspondería un 20% da cantidade solicitada, ata 90 puntos, a partir do cal se asignaría o 100%.

8.3. Prazo de resolución.

De acordo co previsto no art. 25.4 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución definitiva será de seis meses desde a data de publicación da convocatoria no BOP.

Base 9.-Xustificación e pagamento**9.1. Prazo de xustificación.**

O prazo para a xustificación das subvencións será o establecido con carácter xeral nas bases reguladoras publicadas no BOP núm. 204, do 26.10.2017.

9.3. Documentación xustificativa.

Ademais da documentación establecida no apartado 9.3 das bases xerais dos programas de subvencións a concellos, estes deberán presentar a seguinte documentación específica:

1. Memoria técnica da realización do proxecto subvencionado, subscrita polo representante da entidade beneficiaria, que describirá as actividades realizadas, resultados obtidos e o grao de cumprimento dos obxectivos propostos, acompañada das fontes de verificación que procedan (imaxes, carteis, dípticos, etc.).

2. Acreditación da difusión dada á colaboración financeira da Deputación provincial da Coruña a través de calquera medio que permita deixar constancia.

3. Certificación de que foi cumprida a finalidade para a cal se outorgou a subvención conforme o orzamento e proxecto presentado.

4. Certificación que conterá unha relación ordenada, detallada e clasificada dos gastos realizados, agrupados por financiadores, se fose o caso.

5. Declaración subscrita polo representante da entidade beneficiaria, relativa ao importe, orixe e aplicación das subvencións e axudas obtidas, públicas ou privadas, coas que se financiaron as actividades obxecto do proxecto.

2.º.-Publicar no BOP as bases transcritas no apartado anterior.”

A Coruña, 1 de xuño de 2018.

O Secretario Xeral,

O Presidente,

Asdo.: José Luis Almau Supervía

Asdo.: Valentín González Formoso

“Vistos los informes del Servicio de Desarrollo Territorial y Medio Ambiente, de la Secretaría General y del Servicio de Fiscalización y Control Financiero, sobre la propuesta de aprobación de las Bases específicas del “Programa de subvenciones para la cofinanciación de proyectos de actividades en el ámbito del medio ambiente durante el ejercicio 2018”, la Xunta de Gobierno acuerda lo siguiente:

1.º.-Aprobar as bases específicas do “Programa de subvencións para o cofinanciamento de proxectos de actividades no ámbito do medio ambiente durante o exercicio 2018”, cuxo texto se transcribe:

PROGRAMA DE AYUDAS PARA LA COFINANCIACIÓN DE PROYECTOS DE ACTIVIDADES EN EL ÁMBITO DEL MEDIO AMBIENTE DURANTE EL AÑO 2018

BASES ESPECÍFICAS QUE COMPLEMENTAN LAS BASES REGULADORAS GENERALES DE LAS CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONES DE LA DIPUTACION, PUBLICADAS EN EL BOP NÚM. 204, DE 26.10.2017 (http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2017/10/26/2017_0000009052.pdf)

Datos del programa

Denominación:	Programa de subvenciones para la cofinanciación de proyectos de actividades en el ámbito del medio ambiente durante el ejercicio 2018
Referencia:	DP0031/2018
Aplicación presupuestaria:	0520/17221/481
Importe total del crédito consignado:	150.000,00 €
Importe máximo de la subvención a conceder:	15.000,00 €
Importe mínimo de la subvención a conceder:	3.000,00 €
Coefficiente de financiación:	Entre el 20 y el 80% del presupuesto de gastos

Base 3.-Objeto**3.1. Actividades financiadas.**

Las presentes bases tienen por objeto regular la concesión de subvenciones por parte de la Diputación de A Coruña, en régimen de concurrencia competitiva, para financiar proyectos de actividades que se desarrollen en la Provincia de A Coruña en el ámbito de medio ambiente (campañas de sensibilización, estudios, programas educativos, itinerarios pedagógicos, promoción, difusión y/o defensa de los valores ambientales, actividades de voluntariado ambiental, de protección de animales, etc.) que se realicen en el año 2018 por parte de entidades privadas sin ánimo de lucro inscritas en el Registro de Entidades de Carácter Ambiental de la Comunidad Autónoma de Galicia o tengan entre sus objetivos estatutarios la defensa del medio ambiente.

Los proyectos que desarrollen dichas entidades deberán contemplar en su diseño y ejecución las prioridades definidas en las leyes de protección ambiental, principalmente la Ley gallega 1/1995, del 2 de enero, de protección ambiental de Galicia, y la Ley estatal 42/2007, del 13 de diciembre, de Patrimonio natural y la biodiversidad.

Entre las finalidades objeto del presente programa de ayudas, las entidades solicitantes podrán optar por alguna de las siguientes líneas:

VOLUNTARIADO AMBIENTAL.—En relación con las actividades de voluntariado, se hará referencia a la Ley 10/2011, del 28 de noviembre, de Acción voluntaria, que tiene por objeto regular y fomentar la actividad del voluntariado social en el ámbito propio de la Comunidad Autónoma gallega, y en los proyectos se deberá tener en cuenta lo previsto en los siguientes apartados.

Se considerarán actividades de voluntariado aquellas que contemplen acciones directas sobre el entorno físico, desarrolladas por voluntarios y voluntarias ambientales de manera libre, altruista y coordinadas por las entidades beneficiarias con el objeto de mejorar y proteger aquel entorno, enmarcadas en alguno de los siguientes ámbitos de actuación:

a) Medio natural: conservación de ecosistemas (ríos, bosques, cuevas, cumbres, litoral, zonas húmedas, así como otros hábitats); mantenimiento y recuperación del paisaje; colaboración en tareas de investigación de especies de flora y fauna y uso público del medio natural. No serán objeto de subvención los proyectos de eliminación de especies invasoras, a no ser que constituyan acciones que específicamente se contemplen como susceptibles de realizarse mediante voluntariado en un plan de control aprobado por los organismos competentes.

b) Espacios naturales protegidos: además de los señalados en el apartado anterior, colaboración en mantenimiento de recursos (senderos, equipamiento, ...).

c) Medio ambiente urbano: mejora de la calidad ambiental de la ciudad, acciones en espacios verdes urbanos y periurbanos, fomento de la sustentabilidad urbana (movilidad, residuos, energía, consumo, así como cualquier otro ámbito de intervención), colaboración en tareas de investigación para el conocimiento de la flora y fauna de pueblos y ciudades.

d) Conservación de variedades y especies vegetales autóctonas.

e) Colaboración en tareas de investigación y conservación de especies de flora y fauna protegidas o amenazadas, y de sus hábitats.

DIFUSIÓN Y SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL.—Por lo que respecta a las actividades de difusión y sensibilización ambiental, se financiarán también acciones de promoción del conocimiento del medio ambiente de la Provincia de A Coruña, sensibilización sobre cambio climático, buenas prácticas ambientales, uso del agua y de la energía, consumo responsable, programas educativos, itinerarios pedagógicos, valoración y puesta en valor de la proximidad de espacios verdes, dirigidos a la población en general y a la escolar en particular, así como las actividades destinadas a fomentar y sensibilizar a las empresas en su compromiso con la protección del medio ambiente: fomento del uso de energías limpias, divulgación de indicadores de sostenibilidad, gestión de residuos, eficiencia energética, ahorro de emisiones de efecto invernadero, etc.

OTROS PROYECTOS.—Tendrán cabida en esta línea la programación de actuaciones relacionadas con el cambio climático, sostenibilidad energética, desarrollo de políticas y estrategias ambientales, puesta en valor de recursos naturales o aquellas que en general promuevan la participación social en el compromiso por un medio ambiente digno y adecuado.

3.2. Gastos subvencionables.

Se consideran gastos subvencionables los siguientes:

CUENTA	DESCRIPCIÓN DE LA CUENTA, SEGÚN EL PLAN GENERAL DE CONTABILIDAD (*)
600	Bienes destinados a la actividad (material escolar y para talleres -fungible-)
625	Primas de seguros (para los participantes en las actividades)
627	Publicidad y propaganda (material y servicios de difusión de las actividades)
654	Desplazamientos (de los voluntarios y demás participantes en las actividades)

(*) Resolución de 26 de marzo de 2013, del Instituto de Contabilidad y Auditoría de Cuentas, por la que se aprueba el Plan de Contabilidad de las entidades sin fines lucrativos.

Base 5.-Solicitantes

Requisitos específicos del programa

1. Respeto al ámbito subjetivo, podrán acogerse a estas ayudas las entidades sin ánimo de lucro de carácter ambiental, creadas con una antigüedad mínima de dos años anteriores a la fecha de finalización del plazo de solicitud, que figuren inscritas en el registro administrativo creado por el Decreto 226/2007, del 22 de noviembre, por el que se creó el Registro de Entidades de Carácter Ambiental de la Comunidad Autónoma de Galicia o aquellas entidades que tengan entre sus objetivos estatutarios la defensa del medio ambiente.

2. Asimismo, además de los previstos en las bases reguladoras generales (BOP 204, de 26.10.2017) y en la Ley General de Subvenciones, es requisito exigible a las entidades solicitantes, que deberá cumplir antes de la fecha de finalización del plazo de solicitud, tener domicilio social u oficina permanente en la Provincia de A Coruña.

3. No podrán participar en esta convocatoria las entidades que sean beneficiarias de subvenciones nominativas en el 2018 o que vayan a recibir en este ejercicio presupuestario cualquier otro tipo de aportación de esta Diputación.

Base 7.-Solicitudes

7.1. Plazo de presentación de solicitudes.

El plazo de presentación de solicitudes (de manera telemática) se determinará en el anuncio de publicación del extracto de la convocatoria de este programa en el BOP de A Coruña, a través del Sistema Nacional de Publicación de Subvenciones.

7.2. Documentación.

Las entidades solicitantes que concurran a la convocatoria de subvenciones deberán presentar la documentación que se indica en las bases generales (BOP 204, de 26.10.2017) y la siguiente:

1. Formulario de solicitud según el modelo normalizado (Anexo I) facilitado a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la web de la Diputación "<https://sede.dacoruna.gal/>".

2. Acreditar el requisito previsto en el punto 5.1 anterior.

3. PROYECTO de la actividad, que deberá incluir los siguientes apartados:

a) Identificación y planteamiento precisos del proyecto, con objetivos claros y adaptados a la realidad provincial, indicando el número y características de los beneficiarios.

b) Localización de la actividad programada, dentro de la Provincia de A Coruña.

c) Cronograma de actividades, que tendrá que encuadrarse en el período comprendido entre el 1 de enero y el 31 de diciembre de 2018.

d) Identificación pormenorizada, en su caso, de las fuentes de financiación complementarias a la solicitada a la Diputación de A Coruña.

e) Memoria económica del proyecto, que deberá adaptarse a los conceptos de gasto contenidos en el apartado 2 de la base 3 señalado anteriormente.

Base 8.-Resolución

8.1. Valoración de las solicitudes.

Criterios de baremación del programa

CRITERIO		PTOS.
RELATIVOS A LA ENTIDAD	Sede central (8) u oficina permanente (4) en la Provincia de A Coruña	8
	Años de experiencia en el sector: 2-4 años: 4; 5-8: 6; 9 o más: 8	8
	Capacidad de gestión en la Provincia de A Coruña en el 2017: 1-2 empleados: 3; 3-4: 4; 5 o más: 5	5
	Masa salarial de los empleados en la Provincia de A Coruña en el 2017: hasta 7.500 €: 3; de 7.501-15.000 €: 4; más de 15.000: 5	5
	Número de socios residentes en la Provincia de A Coruña (en la fecha de presentación de la solicitud): 25-30: 2; 31-40: 4; 41-50: 6; 51 o más: 8	8
	Personal voluntario residente en la Provincia de A Coruña (en la fecha de presentación de la solicitud): hasta 15: 3; de 16-25: 4; de 26-40: 5; más de 40: 6	6
RELATIVOS AL PROYECTO	Grao de conocimiento del medio	5
	Diagnóstico y plan de acción	5
	Intervención social	5
	Calidad y condiciones en las que se desarrollen las actividades	10
	Que favorezca la información, formación y participación ciudadana	10
	Enfoque de género en la redacción del proyecto	5
	Beneficiarios/voluntarios residentes en la Provincia de A Coruña: hasta 50: 4; entre 51-100: 6; entre 101-200: 8; más de 200: 10	10
	Financiación propia: hasta el 10% : 6; entre el 10,01-30%: 8; más del 30%: 10	10
	Empleo de la lengua gallega en la redacción del proyecto	3

(*).-Los aspectos relativos a la viabilidad y pertinencia del proyecto serán objeto de valoración por una comisión técnica designada por resolución de la presidencia de la Diputación de A Coruña.

El importe de la subvención estará comprendido entre los límites establecidos en la convocatoria (de 3.000 € a 15.000 €), priorizando las solicitudes con mayor puntuación, entre las que obtengan un mínimo de 30 puntos en el apartado relativo a la valoración del proyecto y 50 en total por ambos conceptos.

El importe concreto vendrá determinado por los puntos obtenidos, que se corresponderán con un porcentaje sobre lo importe solicitado, en una escala que va desde un mínimo de 50 puntos, a lo que le correspondería un 20% de la cantidad solicitada, hasta 90 puntos, a partir del cual se asignaría el 100%.

8.3. Plazo de resolución.

De acuerdo con lo previsto en el art. 25.4 de la Ley 38/2003, General de subvenciones, el plazo máximo para resolver y notificar la resolución definitiva será de seis meses desde la fecha de publicación de la convocatoria en el BOP

Base 9.-Justificación y pago

9.1. Plazo de justificación.

El plazo para la justificación de las subvenciones será el establecido con carácter general en las bases reguladoras publicadas en el BOP núm. 204, de 26.10.2017.

9.3. Documentación justificativa.

Además de la documentación establecida en el apartado 9.3 de las bases generales de los programas de subvenciones a ayuntamientos, éstos deberán presentar la siguiente documentación específica:

1. Memoria técnica de la realización del proyecto subvencionado, suscrita por el representante de la entidad beneficiaria, que describirá las actividades realizadas, resultados obtenidos y el grado de cumplimiento de los objetivos propuestos, acompañada de las fuentes de verificación que procedan (imágenes, carteles, dípticos, etc.).

2. Acreditación de la difusión dada a la colaboración financiera de la Diputación Provincial de A Coruña a través de cualquier medio que permita dejar constancia.

3. Certificación de que fue cumplida la finalidad para la cual se otorgó la subvención conforme el presupuesto y proyecto presentado.

4. Certificación que contendrá una relación ordenada, detallada y clasificada de los gastos realizados, agrupados por financiadores, si fuera el caso.

5. Declaración suscrita por el representante de la entidad beneficiaria, relativa al imponerte, origen y aplicación de las subvenciones y ayudas obtenidas, públicas o personales, con las que se financiaron las actividades objeto del proyecto.

2.º.-Publicar en el BOP las bases transcritas en el apartado anterior.”

A Coruña, 1 de junio de 2018.

El Secretario General,

Fdo.: José Luis Almau Supervía

El Presidente,

Fdo.: Valentín González Formoso

2018/4048